



Arquitectura de Galicia

dossier de presentación

Arquitectura de Galicia

arquitecturadegalicia.eu é un proxecto que trata de albergar a arquitectura contemporánea realizada en Galicia nos últimos 60 anos, nun proceso de constante actualización e selección. É un catálogo dinámico que ficha a ficha aspira a desvelar a arquitectura galega máis próxima.



Mapeamos as aforas das nosas miradas

Percibiamos un baleiro na nosa formación académica, un total descoñecemento da arquitectura do noso entorno. Non sabíamos como foron as arquitecturas nin quenes foran os arquitectos que construíran as nosas cidades, pobos, aldeas ou barrios. É unha arquitectura de calidade paralela á súa contemporaneidade pero que pasa desapercibida.

Sinalar pode ser unha boa acción subversiva, varía a forma de ver o obxecto sinalado. Clarifica o xeito de vivir o cercano. Saber como se chama o teu veciño é o primeiro paso para crear un vecindario, de auto construír un hábitat cohesivo. Coñecer e recoñecer a arquitectura veciña, convirte a cotidianidade nunha experiencia arquitectónica enriquecedora, outra cidade nace nese momento.

A filosofía do proxecto é apostar pola experiencia arquitectónica ante a dictadura da fascinación visual á que estamos sometidos. Toda obra está asociada a un lugar. Un punto no territorio que permita ao navegante web poder vivir a arquitectura mostrada. Unha parte indisociable do proxecto está no fomento desta experimentación espacial, que é fundamental na comprensión da obra. Non somos expertos, son maiores as nosas incertidumes que os nosos lugares de confort. Estudantes ou recién saídos da escola, que alzamos a mirada para atopar o extraordinario do ordinario. Dende afora da práctica profesional tratamos de coller perspectiva dos diferentes tempos e maneiras de facer. Procuramos atopar un proceso de converxencia espontánea que nos reconforta na rede.

Con máis de 125.000 visitas xa se converteu nunha referencia en Galicia. Tamén nas redes sociais (facebook, twitter e flickr) e na aplicación móbil para android.



A web

Trátase dun buscador que permite atopar información sobre o que precisemos de forma rápida e sinxela.

Arquitectos


Na web dispoñemos dunha lista de máis de 275 arquitectos e estudos de arquitectura

Usos

As obras están clasificadas dentro de 27 categorías e subcategorías atendendo ó seu uso: deportivo, residencial, hoteleiro, educativo, sanitario...

Premios

Pódense atopar as obras galardoadas cos premios relevantes concedidos en Galicia: Premios COAG, Xoana de Vega, Enor Galicia, BEAU, Premio Galego de Arquitectura Sostible, Premio Rodríguez Peña, Gran de Area e Manuel Gómez Román.



Mapa

Todas as obras están xeolocalizadas. A base de datos do mapa pódese descargar para visualizar en dispositivos móbiles ou en ordenadores.

Funciona nas aplicacións máis comúns, como o Google Earth, Google Maps, e os arquivos descargables son recoñecidos por tódolos programas de SIX (Sistemas de Información Xeográfica)

Os puntos que cubren o mapa de Galicia teñen asociada unha pequena ficha coa información básica da obra. Da mesma forma inclúese unha ligazón a través da cal se pode acceder ó contido completo na web.

A base de datos actualízase diariamente. A través das novas ferramentas implantadas na web pódense realizar pesquisas concretas sobre o mapa, filtrando a información que o usuario escolla.

A páxina tipo



Arquitectura de Galicia

Artigos

Publicado:

dic 29, 2013

etiquetas:

1978

Andrés Fernández-

Albalat Lois

educación

facultade

Facultades de Matemáticas e Bioloxía



"Se fueron fragmentando los volúmenes y resultó casi como un pueblo, un "rueiro" compacto puesto en el paisaje aquél..."

Andrés Fernández-Albalat

[Ver máis →](#)

Centro de Cálculo e Servizos de Caixa Galicia



"Se acristaló la cubierta y fachada, con la naturaleza que "entra" por todas partes; lugar de posible desahogo y descanso para los que trabajan en los ordenadores, en espacio totalmente cerrado"

Andrés Fernández-Albalat

[Ver máis →](#)

Publicado:

ago 31, 2013

etiquetas:

1983

Andrés Fernández-

Albalat Lois

oficinas

etiquetas

Publicado:

ago 26, 2013

etiquetas:

1967

Andrés Fernández-

Albalat Lois

unifamiliar

Vivenda

Vivendas para pescadores



"Como unha aldea mariñeira compacta, nunha maia ortogonal vanse alternando cheios e baleiros nunha sorte de axadrezado habitacional. Rúas internas peonís traban as vivendas. Os patios funcionan como micro prazas de barrio"

[Ver máis →](#)

extracto

Facultade de Humanidades da Universidade da Coruña



Este proxecto de Fernández-Albalat Lois e Fernández-Albalat Ruiz baséase en dous corpos alargados e separados que se adaptan ó terreo seguindo as curvas de nivel, conformando o núcleo das aulas, ás que se accede por dous corredores abalconados sobre el espacio interior. Os volúmenes das aulas, que sobresaen voando ó exterior deixan ese espacio interior, alto, que abre hacia arriba, luminoso, social y alegre...

[Ver máis →](#)

micro ficha

Publicado:

may 10, 2013

etiquetas:

1993

Andrés Fernández-

Albalat Lois

Andrés Fernández-

Albalat Ruiz

educación

1 2 3 »

AG | Arquitectura de Galicia
descarga a nova aplicación



Buscar

buscador

Seccións

seccións

▸ Arquitectos

▸ Mapa

▸ Usos

▸ Localización

▸ Premios

▸ Carga de proxectos

▸ ¿Quenes somos?

▸ Novas ferramentas

▸ Época

Entradas recentes

▸ Protegido: Piscina cubierta en Adrán

▸ Casa Aguirre

▸ Casa Chao

▸ Reforma do Mentreiro

▸ Centro Tecnológico de Automoción de Galicia (CTAG)

▸ Bloque de viviendas no polígono de Campolongo

▸ Auditorio, Centro Cultural e Conservatorio de Vilagarcía

▸ Edificio de 70 viviendas de Protección Autonómica

▸ Auditorio e Palacio de Congresos de A Coruña

▸ Edificio Base Buque Cablero

▸ Edificio de 67 viviendas e Sede da Seguridade Social

▸ Contedores para vestuarios en Vilar de Astrés

▸ Actuacións no Pazo Baión

AG|mapa para Google Earth
descarga o mapa completo



Páxinas irmandadas

Galarq

A páxina tipo móstrase cada vez que se realiza unha pesquisa ou se ve o historial de publicacións. Móstrase nun navegador moi sinxelo unha serie de fichas con os datos que clasifican a obra, autor, ano de finalización da obra, localización, etc.



★★★★★
(8 votos, nota: 3,88 sobre 5)

Publicado:
o día 21 feb, 2013 por
Rubén Ulloa

Etiquetas:
2005
Antonio Amado
rehabilitación
turístico

Comentarios:
0 Comentarios
[Twitter](#)

etiquetas

Rehabilitación do Pazo de Lestrove



Antonio Amado

Obra: Rehabilitación do Pazo de Lestrove

Arquitecto: Antonio Amado Lorenzo

Provincia: A Coruña

Localidade: Lestrove – Dodro

Ano: 2003-2005

Xeolocalización: 42.733,-8.666

resumo

Outros Datos:

Premios:

- "EUROPA NOSTRA" 2006 – PREMIOS UNIÓN EUROPEA DE PATRIMONIO CULTURAL Categoría: Restauración y rehabilitación del patrimonio arquitectónico | *Mención Especial*
- I PREMIO DE ARQUITECTURA "CARMEN FERRO" Mejor proyecto de rehabilitación de establecimientos de hostelería en el medio rural gallego (2000-2005) | *Primeiro Premio*
- Bodegas "As Laxas", Arbo – Pontevedra Julio 2006 | *Primeiro Premio*
- XII Premios do COAG Ano 2006 | *Rehabilitación: Accésit*
- PREMIOS "ARQAno" 2007. Categoría "RESTAURACIÓN Y REHABILITACIÓN". Período: 2001-2006 de los Colegios Oficiales de Arquitectos de Asturias, Cantabria, Castilla y León Este, Galicia y León | *Finalista*

Publicacións:

- RESTAURACIÓN & REHABILITACIÓN nº 106. Enero 2008, pp. 38-45
- RESTAURO nº 5. 2009, pp. 32-39
- ROC MÁQUINA nº 127. Marzo-abril 2011, pp. 36-44

Información na rede:

CLUSTER DE OBRAS EN GRANITO: [ardan.es](#)

Descripción do proxecto:


"El Pazo de Lestrove es un edificio histórico cuya construcción comenzó en el siglo XVI por iniciativa de los arzobispos compostelanos. En 2003, después de años de abandono, fue recuperado para su nuevo uso como hotel, integrando nuevos y viejos materiales como piedra y acero corten, así como diversos conceptos arquitectónicos. La actuación implicaba dos orientaciones diferentes aunque complementarias: la restauración de áreas que todavía permitían su reconstrucción y la rehabilitación de zonas que presentaban un estado de ruina avanzado, ahora reinterpretadas según criterios actuales."

Antonio Amado

documentación

Reportaxe fotográfica: Antonio Amado Lorenzo

Planos:



fotografías y planos

comentarios

Este artigo foi clasificado en Padrón.

0 Comentarios [arquitectura de galicia](#)

[Acceder](#)

Ordenar por los mejores

Compartir [Favorito](#)



Inicia el debate...



AG | Arquitectura de Galicia
descarga a nova aplicación



Buscar buscador

Seccións

- Arquitectos
- Mapa
- Usos
- Localización
- Premios
- Carga de proxectos
- ¿Quenes somos?
- Novas ferramentas
- Época

seccións

Entradas recentes

- Protegido: Piscina cubierta en Adrán
- Casa Aguirre
- Casa Chao
- Reforma do Mentreiro
- Centro Tecnológico de Automoción de Galicia (CTAG)
- Bloque de viviendas no polígono de Campolongo
- Auditorio, Centro Cultural e Conservatorio de Vilagarcía
- Edificio de 70 viviendas de Protección Autonómica
- Auditorio e Palacio de Congresos de A Coruña
- Edificio Base Buque Cablero
- Edificio de 67 viviendas e Sede da Seguridade Social
- Contenedores para vestuarios en Villar de Astrés
- Actuacións no Pazo Baión

publicacións
recientes

AG|mapa para Google Earth
descarga o mapa completo



Páxinas imandadas

Galarq

A revista

Antes da crítica

Despois de dous anos no proxecto arquitecturadegalicia.eu decidimos dar un novo paso. Despois de ter recopiladas máis de 600 obras clasificadas e xeolocalizadas decidimos ir alén da descripción ou da simple clasificación. Pasaremos a falar directamente cos arquitectos, coa xente que vive nas obras, cos visitantes... Unha vez damos este paso, somos conscientes da realidade na que entramos, o mundo da crítica.

Falaremos de todo aquilo que pode ter algo que comentar, salientar, criticar no sentido máis xeral e entendido en todos os seus puntos de vista. Vamos a separar o trigo do soio. O feito de criticar non se quedará simplemente en falar do que non gusta. Falaremos das realidades que vemos habitualmente, desde o punto de vista máis analítico, como se podería falar dende a historia, a teoría e crítica, falar de tipoloxías e facer ensaios da maneira máis convencional.

Miraremos con moitos puntos de vista, un ollar analóxico, imitando o que fixo Venturi no seu momento nos seus textos críticos. Ollaremos dende o interior e dende o exterior, afastándose, mirando desde onde se miran as obras das que falaremos. Aprendendo de Ignasi de Solà Morales, falaremos de lóxicas que levan á forma, o ollar alusivo, utilizando a arquitectura como pretexto, non como texto. Discutiremos a ideas no seu conxunto.

Intentaremos aprender desaprendendo o que levamos visto, analizar problemas e causas e intentaremos establecer unhas regras de xogo para que os artigos sirvan para máis que ilustrar e acompañar as fotografías dunha obra. Contextualizaremos, veremos aquilo que aporta aquilo do que estamos a falar fóra do seu contexto. Estamos nun momento de cambio, temos que entendelo e saber velo, e ver a responsabilidade que os arquitectos temos sobre o que nos rodea, e neste caso como críticos, sabemos que sen a crítica non hai arquitectura, só hai mercado.

Este texto pretende ser un manifesto de aquilo que pensamos como grupo, un resumo de todo aquilo que se leva falado e empezará a levarse a cabo nos artigos seguintes.



#fotografarq



Arquitectura de Galicia

FUNDACIÓN



LUIS SEOANE




#fotografarq

Unha das maneiras que mellor acompañan a aprendizaxe e o coñecemento da arquitectura é empregar a fotografía como medio vinculante, como ferramenta que permite levar á nosa memoria un momento de visita a unha cidade, a un edificio, a un espazo público.

Por medio dunha serie de visitas guiadas nas que nos acompañarán fotógrafos profesionais e arquitectos, coñeceremos de primeira man algúns dos porqués dos espazos que habitamos. A intención de arquitecturadegalicia.eu é, por medio destas visitas, fomentar o interese no público non profesional, en estudantes que comezan a aventurarse na profesión.

A incorporación de fotógrafos profesionais a estes encontros puntuais engadirá o punto de vista técnico, e achegarán as maneiras de afrontar un reto como pode ser a fotografía de arquitectura e espazo público.

Presentamos así desta maneira un programa de presentacións e visitas que iniciarán no mes de setembro na Fundación Luis Seoane e que poderán ter continuidade ó longo do curso escolar.



Formato da xornada

Básicamente a xornada dividirase en dúas partes:

As presentacións temáticas: unha moi breve por parte de alguén da agrupación “Arquitectura de Galicia” e unha presentación - ponencia de aproximadamente unha hora co fotógrafo convidado. Contarase nun principio con público non profesional en fotografía e por tanto as ponencias estarán adaptadas a tal feito.

A visita guiada: acompañarase a un (ou máis) grupo (s) de unhas 15 -20 persoas por un percorrido deseñado para que sexa efectiva a visita e o desplazamento de un local a outro. Arquitectura de Galicia fará o posible por contar co arquitecto ou xente relacionada directamente coa obra de maneira que se poida amosar con maior definición.

Os resultados das xornadas difundiranse nos medios que se dispoñan por parte da Fundación e na web e perfís das redes sociais de Arquitectura de Galicia.


Como obxectivo do roteiro ou safari fotográfico é dispor dunha colección de fotografías que se empregarán cos permisos do autor nas galerías propias da web de arquitecturadegalicia.eu

Se se consegue definir un ciclo pechado de xornadas, poderíase crear un ciclo de gran interese para o público, xa sexa para estudantes ou para afeccionados á fotografía ou simplemente á cultura arquitectónica. Poderase valorar a opción (en función de como resulte a primeira xornada gratuita) de establecer un pequeno importe de matrícula ó ciclo que permitiría a entrada de matriculados ó resto das charlas - roteiros.

Convidados

A presentación - charla co fotógrafo deberá ser o punto forte da xornada, así como o acompañamento que fará na visita guiada. Por sorte, nos nosos arredores temos moi bos fotógrafos que podemos convidar e acordar a súa presenza.

O equipo de Arquitectura de Galicia conta co apoio do fotógrafo Juan Rodríguez para a primeira xornada. Dende a parte que nos toca podemos nomear e propor a presenza de Héctor Santos-Diez e Luis Carré. Como non podía ser de outra maneira, estamos abertos a calquera proposta feita por parte da Fundación.



Juan Rodríguez, La Coruña, España, 1960


www.juanrodriguezphotography.com

Arquitecto de formación pero atraído pola fotografía dende os 16 anos, en 1984 decidiu dedicarse en exclusiva a esta práctica. Alén de fotografía de arquitectura na que destaca a súa condición de co-editor da revista A.mag, International Architecture Technical Magazine, ten realizado numerosos traballos profesionais nos campos da moda, publicidade e, fundamentalmente, a fotografía documental. Na búsqueda dunha fotografía máis personal, ten viaxado por Galicia, Italia, Grecia, Francia, Holanda, U.S.A. Nepal, Tailandia, Finlandia, Rusia, India, Xapón, Exipto, Arxelia, Patagonia, etc...

As súas imaxes personais, afastadas do compromiso da representación técnica propia do seu traballo profesional, reflexan unha mirada sensible, especialmente motivada pola presenza da luz e a maneira en que los obxectos emanan do espazo. Xeran una especie de later constante, cargada de misterio, que obra un xogo de luces e sombras nos lugares que el fotógrafo visita e ós que dota do seu propio universo, configurando unha nueva visión, unha nova realidade.

Destacan as súas exposicións: *Patagonia*, celebrada no Instituto Cervantes de Chicago en 2005; *Arquitectures* na Fundación FORUM 2011; *Beyond Black* 2014, no Palacio Municipal de exposicións de A Coruña, *All things must pass*, que puido verse na Galería Valid Foto de Barcelona en 2010; e a súa participación na colectiva *La ciudad, minuto a minuto*, que tivo lugar no marco de PHotoEspaña 2011, en Madrid, na sala de exposicións do Ministerio de Fomento. A súa obra forma parte das coleccións do Instituto Cervantes de Chicago, a Maison Européenne de la Photographie (París), o Museu Nacional d'Art de Catalunya (Barcelona) e a Colección Encontros da Imagem de Braga (Portugal), entre moitas outras coleccións públicas e privadas.

PUBLICACIÓNS SELECCIONADAS: *Fillos da Terra*, Santiago de Compostela, Fundación Novacaixagalicia y Claudio Sanmartín, 2001; *Patagonia*, Santiago de Compostela, Fundación Gonzalo Torrente Ballester, 2003; *All things must pass*, La Coruña, Euroediciones, 2010, *Beyond Black*, 2014.



Héctor Santos-Díez, Madrid, 1973

www.santos-diez.com

Fotógrafo especializado en arquitectura.

Estudios inconclusos de arquitectura na ETSA de A Coruña.

Socio fundador da axencia de fotografía de arquitectura española BISimages (Built In Spain images www.bisimages.com)

Membro do colectivo de fotografía Ollo de Vidro desde o ano 1994.

Fotógrafo autodidacta. Compaxinou os estudos de arquitectura con cursos e pequenos traballos de fotografía: fotofixa para serie de televisión, reportaxes de concertos,...

Entre os premios recibidos destaca o Premio a Mellor Colección do Concurso Xuventude 2002, organizado pola Dirección Xeral de Xuventude.

Obra publicada en revistas e libros de todo o mundo, coma por exemplo: Arquitectura Viva, Tectónica, Diseño Interior, Conarquitectura, ON Diseño, El País Semanal, AMC (Francia), AIT (Alemania), Interior Design (EEUU), Casabella (Italia), Deutsche BauZeitschrift (DBZ) (Alemania), Bauwelt (Alemania), Perspektive (Alemania), Lighting (Italia), Surface (EEUU), editorial Taschen (UK), editorial Pencil, editorial Gestalten (Suiza), Sandu Publishing (Corea),...

Fotos presentes en exposicións de arquitectura, coma por exemplo:

- "Arquitectura Española 1975-2012. 35+", organizada polo Ministerio de Fomento
- "Avance de una contingencia. Arquitectura Contemporánea en Galicia", organizada polo CGAC
- "Premios COAG de arquitectura", Colegio Oficial de Arquitectos de Galicia
- "Premios Arquia/Próxima" da Caja de Arquitectos
- Premios FAD
- Premios Europanostra

Conferenciante invitado na Escola Técnica Superior de Arquitectura de A Coruña e na Escola de Artes e Oficios Pablo Picasso.

Clientes institucionais tales coma Dirección Xeral de Patrimonio, Turgalicia, ou a Universidade de A Coruña; editoriais coma El País, Grupo Godó ou Globus Comunicación; empresas coma Inditex, Lamp ou Aluminios Cortizo; arquitectos tales coma Carlos Quintáns, Creus e Carrasco, Junquera Arquitectos, Abalo Alonso arquitectos, ou IDOM.

